

ACORDO DO PLENO

Don JACOBO BARREIRO PIMENTEL, Secretario do Concello de A Cañiza (Pontevedra)

CERTIFICO

Que en sesión *ordinaria* do Pleno de data 27 de xaneiro de 2017 coa asistencia de todos os membros da Corporación, entre outros adoptouse o Acordo do tenor literal seguinte:

« Considerando a proposta realizada por unha plataforma veciñal e institucional encabezada pola Asociación Deporte e Cultura Gran Vigo, Ediciones & Creaciones NPG entre outros asinantes e o Concello de A Cañiza sobre a oportunidade e idoneidade de prodecer a nomear e conceder a Don DIEGO DE GIRÁLDEZ a distinción honorífica de FILLO PREDILECTO DE A CAÑIZA.

Considerando que por Acordo do órgano instructor se solicitaron diferentes informes nos que quedaron acreditados os merecementos que xustificaron estos honores.

Considerando que estos informes e declaracións tiveron entrada neste Concello e foron favorables á concesión do título de FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE A CAÑIZA a Don DIEGO DE GIRÁLDEZ.

Á vista do informe-proposta emitido polo órgano instructor do procedemento de nomeamento de Fillo Predilecto e o Dictame da Comisión Informativa de data 24 de xaneiro de 2017, o PLENO por maioría e unanimidade de todos os seus membros, en virtude dos artigos 50.24, 190 e 191 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, do Regulamento de Organización e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 27 e 28, Capítulo III do Regulamento de Protocolo, cerimonial, Honores e Distincións do Concello de A Cañiza, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. *Nomear e outorgar a DON DIEGO DE GIRÁLDEZ o título de FILLO PREDILECTO do Municipio de A Cañiza, por estar considerado como un dos mais grandes pintores e escultores contemporáneos do século XXI non solo en España senón tamén fora das nosas fronteiras, como así o atestiguan e confirman centos de especialistas, eruditos en arte e directores de museos de toda España, coñecedores todos eles da súa traxectoria e obra pictórica iniciada á curta idade de 13 anos.*

Pola súa prolífica obra artística (pictórica, escultórica e anatómica) representada en máis de 150 museos de todo o mundo. Obra da que se fixeron eco distintas e importantes plumas que representan desde a crítica de artes ata as distintas ramas do saber.

Por terse convertido nun cañicense ilustre e universal que decidiu abrir a súa extraordinaria CASA MUSEO no ano 2007 na céntrica Praza Maior da Vila converténdose nun dos grandes reclamos turísticos e culturais de A Cañiza. Neste Museo o artista expón e exhibe unha colección que supera as 250 obras e que permanece aberto todos os domingos nos meses de verán. O Museo é unha edificación de máis de 1.000 m2 e cinco plantas de altura no que o visitante pode contemplar, coñecer e admirar ao longo de 1.500 metros lineais de exposición a prolífica obra deste pintor de recoñecido prestixio, creador do realismo NAS (Natureza, Abstracción e Surrealismo), movemento artístico creado por Giráldez para definir o seu estilo e a súa obra alá polos anos 70-80 do pasado século XX.

Por celebrarse neste ano 2017 o 35 Aniversario do Manifesto Realismo NAS e o 42 Aniversario da súa primeira exposición individual.

SEGUNDO. *Comunicar o nomeamento ao interesado, citándoo para que o día 18 de marzo de 2017, sábado, acuda á sesión solemne na que se procederá a entregarlle a Distinción que acredita o título de Fillo Predilecto do Municipio de A Cañiza. Esta sesión celebrarase nun acto público no Salón de Plenos do Concello de A Cañiza, propiedade do Concello de A Cañiza e coa maior solemnidade posible.*

TERCEIRO. *Inscribir no Libro Rexistro de Honores e Distincións o título concedido para que quede constancia da súa entrega.*

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, coa salvedade prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se expide a presente en A Cañiza a día vinteseite de xaneiro de dous mil dezasete.

Documento asinado electrónicamente (art. 19 da Lei 11/2007)
por JACOBO BARREIRO PIMENTEL Secretario Xeral do
Concello de A Cañiza, co visto e prace de MIGUEL A.
DOMINGUEZ ALFONSO, Alcalde do Concello. A Cañiza, 27
de xaneiro de 2017.